



Fundación **GALICIA EUROPA**
Memoria 2009

Galego



fundación
GALICIA EUROPA


Fundación **GALICIA EUROPA**
Memoria 2009



Galego



fundación
GALICIA EUROPA





Europeísmo galego


Atopámonos hoxe nun espazo de convivencia onde máis de cincocentos millóns de cidadáns gozamos dunha unión económica e unha cada vez máis estreita unión política, baixo o paraugas común que representa o novo Tratado de Lisboa. Tras numerosas reformas, acordes co devir dos acontecementos, que se suceden cada vez a un ritmo máis acelerado, moito se avanzou na integración europea desde a entrada de España no gran proxecto comunitario.

Desde Galicia proclamámonos europeístas, deixando de lado o escepticismo e comprometéndonos firmemente a participar na construción europea. Non queremos nin debemos abandonar o terreo de xogo europeo, onde cada vez se deciden máis as políticas que afectan á vida diaria da nosa Comunidade Autónoma.

Galicia ten amplas razóns para achegar o seu punto de vista na Unión Europea. É o punto de encontro da primeira ruta paneuropea da historia co Camiño de Santiago, cuxo Ano Xacobeo celebramos en 2010. Constitúe ademais un caso de éxito de cooperación transfronteiriza grazas á colaboración co Norte de Portugal. Comparte así mesmo intereses comúns con todas as rexións do arco atlántico.

A Unión Europea é un reto e unha oportunidade, e somos ambiciosos nos nosos obxectivos de influencia na toma de decisións de Bruxelas. Tamén sabemos que estes obxectivos esixen un esforzo. Por iso, os galegos debemos agradecer o traballo da Fundación Galicia Europa como o noso interlocutor coas institucións comunitarias e vehículo de transmisión do que interesa e afecta aos galegos, contribuíndo efectivamente á creación da Europa dos Pobos.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
Presidente da Fundación Galicia Europa





Formamos parte de Europa

Pode resultar sorprendente ver a bandeira galega ondeando nun edificio en pleno barrio europeo de Bruxelas, compartindo rúa coa Comisión Europea e co Consello da UE. Pero, pensando con detemento ¿por que habería de sorprendernos? Na Unión Europea decídese máis dun 60% da lexislación que se aplica en Galicia e, por este motivo, debemos estar presentes na capital comunitaria e contar cunha estrutura que defenda os nosos intereses.


Con este obxectivo creouse hai máis de 20 anos a Fundación Galicia Europa, que desde entón encargouse de representar os intereses da nosa comunidade autónoma ante a Unión Europea. A Xunta de Galicia, que conta con participación maioritaria nesta entidade, confía na eficacia do labor desenvolvido pola Fundación e na importancia da experiencia adquirida ao longo de tantos anos. Por estas razóns, no período actual a Xunta de Galicia segue apoiando decididamente á Fundación Galicia Europa como instrumento de execución das accións que leva a cabo en relación cos asuntos comunitarios.

A Fundación Galicia Europa fixo, na última reunión do seu Padroado, un importante exercicio de austeridade orzamentaria, valorizando os seus recursos e apostando pola eficiencia xestora. Quero aproveitar para agradecer aos patróns o feito de ter mantido as súas achegas e, polo tanto, espero que o esforzo orzamentario que entre todos realizamos, especialmente nesta situación de crise, redunde en beneficio de toda a sociedade galega.

Por último, gustárame destacar que o labor realizado pola Fundación Galicia Europa ten un alto valor tamén para as institucións europeas, concienciadas desde hai tempo da necesidade de reforzar a comunicación cara aos cidadáns. A Fundación Galicia Europa traballa para difundir en Galicia todo o que significa a Unión Europea e conseguir que os galegos se sintan partícipes da realidade comunitaria.

En definitiva, sentirnos parte de Europa determinará en boa medida o noso progreso.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia
Secretario Xeral da Fundación Galicia Europa





A voz europea dunha Galicia nova


Galicia está presente en Europa, e Europa está presente en Galicia. Isto é unha realidade que demostrou a Fundación Galicia Europa ao longo dos seus 21 anos de traxectoria. Grazas á súa firme defensa dos intereses galegos e á constante adaptación do seu traballo á realidade comunitaria, Galicia posúe hoxe en día voz e voto na toma de decisións de Bruxelas.

Consciente da importancia das novas tecnoloxías da información e a comunicación, a Fundación Galicia Europa considera este escenario como unha oportunidade para converter á Unión Europea nun lugar accesible para todos os galegos. No ano 2009 a Fundación deu un impulso decisivo ao achegamento da información comunitaria ao cidadán, como o demostra a renovación do deseño do seu portal *web*. Ademais, as bolsas da Fundación posibilitaron con renovado estímulo que varios mozos galegos realizasen diferentes prácticas de formación, o que a longo prazo proporcionará á nosa comunidade unha xeración de galegos expertos en temas relacionados coa Unión Europea, dispostos a potenciar a presenza de Galicia no marco comunitario.

Grazas ás actividades promovidas pola Fundación Galicia Europa durante o ano 2009, Bruxelas coñece Galicia. E non unicamente as manifestacións culturais da nosa terra, senón unha Galicia innovadora e creativa, tecnolóxica, aberta ao turismo, comprometida co coñecemento, o medio ambiente e a cooperación internacional. Estas accións preparan in mellorablemente a nosa comunidade autónoma para entrar con paso firme nun ano decisivo: o 2010, Ano Xacobeo e Presidencia Española da UE durante o primeiro semestre.

Os vindeiros anos serán claves para o futuro dunha Europa reestruturada desde os seus alicerces grazas á entrada en vigor do Tratado de Lisboa, pero tamén afectada polas dificultades da crise económica internacional. Os esforzos da Fundación Galicia Europa para representar a postura galega en Bruxelas definirán para sempre a presenza de Galicia como actor dinámico na realidade comunitaria e na política internacional.

Jesús Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
Director-Apoderado da Fundación Galicia Europa



ÍNDICE

01	11	A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
	11	1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos
	12	1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: entidades membros e Padroado
	16	1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa
	18	1.4. Convenios coa Xunta de Galicia
02	21	PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA
	21	2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea
	22	2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións
	23	2.3. Participación de Galicia nos Comités da Comisión Europea
	24	2.4. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas
	26	2.5. Accións no eido das políticas comunitarias con impacto en Galicia: promoción dos intereses galegos na UE
	30	2.6. Accións en defensa dos intereses da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal
	30	2.7. Organización de encontros de representantes galegos en Bruxelas con responsables das políticas comunitarias con impacto en Galicia
	32	2.8. Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas
	35	2.9. Organización de seminarios e conferencias en Bruxelas
03	39	FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS
	39	3.1. Asesoramento da Fundación Galicia Europa a entidades galegas
	40	3.2. Participación da Fundación Galicia Europa en proxectos europeos
04	43	INFORMACIÓN E PUBLICACIÓNS SOBRE A UE
	43	4.1. Portal <i>web</i>
	44	4.2. Boletín electrónico
	44	4.3. Publicacións
05	47	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN
	47	5.1. Bolsas
	49	5.2. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia
	50	5.3. Actividades da Oficina de Información Europea para os Mozos
	52	5.4. Concurso de fotografía
06	55	EUROPA EN GALICIA. QUEN É QUEN?

01

A Fundación Galicia Europa

1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos

A Fundación Galicia Europa (FGE) é unha entidade sen ánimo de lucro creada en 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas: unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas, formando parte esta última das preto de 300 representacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

En 2009 a Fundación viu reforzado o seu papel de representante dos intereses galegos en Bruxelas, a través da participación activa naqueles foros institucionais nos que Galicia ten voz. Así, desempeñou un papel esencial para asegurar a presenza de Galicia na toma de decisións a nivel europeo, grazas ao seu traballo no Comité das Rexións e, como parte integrante da delegación española, no Consello da UE e na Comisión Europea.

Ao longo dos seus 21 anos de historia, o traballo realizado desde a Fundación en favor de Galicia e dos seus intereses materializouse en catro grandes ámbitos de acción, que responden a dous obxectivos principais: realizar unha mellor comunicación da actividade europea en Galicia e facer de Galicia unha rexión europea forte.



Deputados no Parlamento Europeo

- **Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.** A Fundación leva a cabo unha serie de actividades encamiñadas á promoción dos intereses rexionais ante as institucións europeas. Isto tradúcese en diversas accións como o seguimento das políticas, normativas e recomendacións adoptadas a nivel comunitario, e a elaboración de informes de análise sobre as mesmas dirixidas especialmente á administración autonómica galega. Así mesmo, presta apoio e asesoramento técnico e loxístico aos participantes galegos en foros tales como o Comité das Rexións e outras reunións a nivel comunitario, incluídas as que organiza a propia Fundación, e que serven para achegar os intereses de Galicia ao ámbito europeo. Para rematar, a Fundación Galicia Europa

organiza todos os anos varias actividades encamiñadas a dar a coñecer a cultura e a identidade galega en Bruxelas.

- **Informar sobre a Unión Europea en Galicia.** A Fundación conta con varias ferramentas informativas para achegar á sociedade galega a actualidade da UE, e para ofrecer a entidades galegas a posibilidade de participar en programas de financiamento comunitario. A través do seu portal *web*, www.fundaciongaliciaeuropa.eu, pódese consultar a actualidade da Fundación e daqueles temas comunitarios que afectan a Galicia. A Fundación conta, ademais, con varias publicacións especializadas en temas europeos, así como un boletín electrónico quincenal que se envía a máis de 1.100 subscritores coas últimas novas, convocatorias de programas de financiamento europeos e procuras de socios para participar en proxectos europeos publicados no portal.
- **Formar e sensibilizar sobre Europa en Galicia.** O compromiso coa formación en temas comunitarios que desde a Fundación se vén facendo a través do seu programa de bolsas, permitiu a máis de 400 persoas coñecer máis de cerca a realidade da UE. Así mesmo, a través dos seminarios, cursos e diversas xornadas que organiza a Fundación en Galicia, fomentouse a formación e sensibilización da sociedade galega en temas relacionados coa Unión Europea que afectan a Galicia.
- **Promover a participación galega en proxectos europeos.** A Fundación Galicia Europa, a través das súas dúas oficinas en Santiago e en Bruxelas, promove a participación de entidades galegas en proxectos europeos, co fin de potenciar a competitividade do sector público e

privado galego, así como preparar á sociedade galega ante a redución de fondos procedentes da UE a partir de 2013. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións comunitarias, participación da Fundación no consorcio promotor dos proxectos que resulten de interese, e na organización de cursos de elaboración e xestión de proxectos en Galicia.

Fronte aos dous grandes retos e oportunidades actuais para Galicia -a Presidencia Española da UE no primeiro semestre de 2010 e a recente entrada en vigor do Tratado de Lisboa- os membros do Padroado aprobaron o pasado 11 de decembro de 2009 un novo plan de actuación para o ano 2010. Os obxectivos principais que se reflicten no documento buscan potenciar a visibilidade da Fundación, continuar o traballo de apoio aos intereses galegos no ámbito comunitario e, principalmente, asumir as funcións de representación da Comunidade Autónoma de Galicia ante a UE.

1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: entidades membros e Padroado

PADROADO

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros que compoñen a Fundación. Reúnese dúas veces ao ano con obxecto de aprobar a xestión económica e a memoria de actividades do exercicio anterior, así como para programar as actividades e o orzamento do seguinte exercicio.



Reunión dos membros do Padroado o 11 de decembro en Santiago

No ano 2009, o Padroado da Fundación Galicia Europa reuniuse excepcionalmente en tres ocasións: o 16 de febreiro, o 31 de marzo e o 11 de decembro.

PRESIDENTE:

ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENTES:

VICENTE ARIAS MOSQUERA

VICEPRESIDENTE DO BANCO PASTOR

ALFONSO PAZ-ANDRADE RODRÍGUEZ

VICEPRESIDENTE SEGUNDO DE CAIXA GALICIA

SECRETARIO XERAL:

ALFONSO RUEDA VALENZUELA

CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

TESOUREIRA:

MARTA FERNÁNDEZ CURRÁS

CONSELLEIRA DE FACENDA DA XUNTA DE GALICIA

VOGAIS:

JAVIER GUERRA FERNÁNDEZ

CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA

SAMUEL JUÁREZ CASADO

CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA

ROSA MARÍA QUINTANA CARBALLO

CONSELLEIRA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA

JOSÉ LUIS MÉNDEZ LÓPEZ

DIRECTOR XERAL DE CAIXA GALICIA

JULIO FERNÁNDEZ GAYOSO

PRESIDENTE DE CAIXANOVA

JOSÉ LUIS PEGO ALONSO

DIRECTOR XERAL DE CAIXANOVA

FERNANDO DÍAZ FERNÁNDEZ

DIRECTOR XERAL DO BANCO PASTOR

JESÚS ASOREY CARRIL

REPRESENTANTE DO CONSELLO GALEGO DE CÁMARAS

M^a TERESA PISANO AVELLO

DELEGADA DO ESTADO NO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO

ENTIDADES MEMBROS DA FUNDACIÓN GALICIA
EUROPA

a) Con representación no Padroado

Entidades membros fundadoras



b) Sen representación no Padroado

Entidades membros asociadas



Entidades membros adheridas (integradas con
posterioridade á constitución da Fundación Galicia
Europa)



GRUPO DE TRABAJO

Composto por representantes das entidades membros que compoñen o Padroado, o Grupo de Traballo reúnese periodicamente para avaliar a actuación da Fundación Galicia Europa e programar actividades futuras. En 2009, o grupo de traballo reuniuse o 3 de febreiro e o 14 de xullo.

Os integrantes deste Grupo de Traballo son:

ANTONIO GÓMEZ RIVERA
SUBDIRECTOR XERAL DE CAIXANOVA

DOLORES MONTERO VILARIÑO
DEPARTAMENTO INTERNACIONAL DE CAIXANOVA

ALEJANDRO KOWALSKI BIANCHI
DIRECTOR DE COMUNICACIÓN DO BANCO PASTOR

MIGUEL VIU PEREIRA
DEPARTAMENTO DE RELACIÓNS XURÍDICAS DE CAIXA GALICIA

FERNANDO BARROS FORNOS
SECRETARIO XERAL ADXUNTO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LÓPEZ-GUERRA ROMÁN
SECRETARIO XERAL DO CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

JESÚS GAMALLO ALLER
DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA
DIRECTOR - APODERADO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

SANTIAGO ÁLVAREZ GONZÁLEZ
SUBDIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS COA UE. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA

ANA RAMOS BARBOSA
DIRECTORA DA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

DIRECTOR - APODERADO

Ana Ramos Barbosa

DIRECTORA DA OFICINA DE BRUXELAS

Sofía Rico Lenza (ata o 25 de agosto de 2009)

Subdirectora xeral de Xestión, Contratación e Coordinación Administrativa

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

COORDINACIÓN DA XESTIÓN FINANCEIRA

Pilar González Quintana (desde o 25 de setembro de 2009)

Xefa do Servizo de Xestión Económica e Coordinación Administrativa

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

COORDINACIÓN DA XESTIÓN FINANCEIRA

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN E ANÁLISE COMUNITARIA

Oficina de Santiago

Luís Gago Sotorrío

Oficina de Bruxelas

María Jesús Garea Lodeiro

Vanessa Lobo Casas

Alba Mariño Enríquez

COMUNICACIÓN

Oficina de Santiago

Carolina Ríos Vila (ata o 6 de xullo)

Andrea Adán Castro (desde o 6 de xullo)

Oficina de Bruxelas

Emma Sola Veiga (ata o 30 de novembro)

Carmen Perales Pérez (desde o 16 de novembro)

ADMINISTRACIÓN E SECRETARIADO

Oficina de Santiago

M^a Belén Rodríguez Martín

Responsable de Administración

M^a Pilar Louro García

Auxiliar Administrativo

Oficina de Bruxelas

Marlène Fernández González

Responsable de Administración

Renée Avial García

Secretaria de Dirección

LICENCIADOS EN PRÁCTICAS

Oficina de Santiago

Roxana Topciov (ata o 15 de abril)

Patricia Rodríguez Ovejero (desde o 15 de abril)

Nuria Castro Gay

Yago Valencia Abad

J. Enrique Abelleira Pesqueira (ata o 15 de setembro)

Beatriz Vidal Elorduy (desde el 15 de setembro)

Oficina de Bruxelas

Lorenzo Baladrón Zeeh

Alba Riobó Souto

Valentina Skafar

Alexandra Cornelia Ordean

Pablo Rivera Búa

Mauro Lamela Vázquez

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA MOZOS (Santiago)

Pilar del Oro Sáez

COORDINADORA

1.4. Convenios coa Xunta de Galicia

CONVENIOS CON CONSELLERÍAS

A Fundación Galicia Europa foi establecendo (desde o segundo semestre do 2006) convenios con diferentes consellerías da Xunta de Galicia. O obxectivo desta colaboración é que a Xunta poida contar, cando se estime conveniente, con persoal propio na sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas para facer un seguimento das políticas máis relevantes para a Xunta de Galicia no ámbito comunitario.

Durante 2009 mantivéronse convenios que permitiron contar co traballo dos técnicos das consellerías que a continuación se detallan:

- **Consellería do Medio Rural**
Álvaro Campos Mosquera (febreiro-marzo de 2009)
- **Consellería do Mar**
Olalla López Álvarez
- **Consellería de Economía e Industria**
Adriana Varela Fernández
Bruno Mourenza Benito
- **Consellería de Cultura e Turismo**
Mar Nogueira Sánchez

CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA

A Fundación Galicia Europa mantivo durante 2009 un convenio coa Consellería de Traballo e Benestar de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e documentación para mozos, a través da Oficina de Información Europea para Mozos que a propia Fundación Galicia Europa ten na súa sede de Santiago.

A Oficina de Información Europea para Mozos atópase a disposición da mocidade galega para calquera consulta relacionada cos ámbitos que lles preocupan que teñan unha estreita relación coas competencias que a Unión Europea desenvolve. Destacan entre elas as bolsas de estudos, as prácticas nas institucións da UE e, en especial, o financiamento comunitario a través de programas europeos.

CONVENIO CO IGAPE

A Fundación Galicia Europa mantivo ata o mes de marzo do 2009 un convenio co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Por medio deste convenio, o IGAPE puido dispor dun bolseiro en Bruxelas que se integra no equipo de traballo da Fundación Galicia Europa, posto que recaeu en M^a Anxos Rodríguez Soto. O traballo da bolseira centrouse en proporcionar ao IGAPE información concreta nas áreas do seu interese, ademais de colaborar co resto do equipo da Fundación Galicia Europa nos ámbitos relacionados co comercio exterior.

CONVENIO PARA ACOLLER BOLSEIROS "ARGO GLOBAL"

A Fundación Galicia Europa mantivo durante o ano 2009 un convenio coa Fundación para o Fomento en Asturias da Investigación Aplicada e a Tecnoloxía co obxectivo de acoller a un titulado universitario para realizar prácticas dentro do proxecto de mobilidade Argo Global, no marco do programa comunitario Leonardo da Vinci. Por medio deste convenio, a Fundación acolleu entre febreiro e maio de 2009 a un licenciado en xornalismo, Francisco Javier López Recio, quen tivo a oportunidade de familiarizarse con todas as tarefas que implica a xestión da comunicación nunha entidade que representa os intereses dunha rexión a nivel europeo.

02

Promoción dos intereses galegos en Europa



O presidente da Comisión Europea, Durao Barroso, reunido co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea

Os acordos do 9 de decembro de 2004 entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas permitiron formalizar a participación directa destas no Consello da Unión Europea. A presenza das Comunidades Autónomas neste órgano supón un importante paso no avance do sistema de participación autonómica nos asuntos europeos, ao estar en mans do Consello, xunto co Parlamento Europeo, o poder lexislativo da Unión.

O acordo permite a participación das Comunidades Autónomas en todos os niveis de traballo desta institución europea. En primeiro lugar, mediante a incorporación dun representante autonómico con rango de conselleiro na delegación española dentro das reunións do Consello a nivel ministerial. Por outra banda, tamén é posible contar con presenza directa nas instancias preparatorias das reunións do Consello, tales como os grupos de traballo. Desde 2004 a participación autonómica é unha realidade nas formacións do Consello de Agricultura e Pesca, de Educación, Cultura, Mocidade e Audiovisual, de Emprego, Política Social, Saúde e Consumidores, e de Medio Ambiente.

De acordo co principio de unidade de representación exterior do Estado e de lealdade institucional, o novo modelo trata de fortalecer os mecanismos de formación da vontade do Estado para integrar mellor as realidades dun sistema complexo e descentralizado como o español. Ao mesmo tempo, intenta configurarse como un sistema de participación áxil e flexible, susceptible dun gradual desenvolvemento.

Logo da posta en marcha do acordo, levada a cabo durante o 2005, os anos 2006 e 2007 serviron para consolidar as prácticas iniciadas e continuar coa participación das Comunidades Autónomas nos diversos niveis de traballo do Consello da Unión Europea.

Ao longo de 2009 a Fundación Galicia Europa continuou prestando apoio aos departamentos competentes da Xunta de Galicia co obxectivo de facilitar a participación e a comunicación de todas as persoas responsables neste ámbito. A colaboración estendeuse á Representación Permanente de España ante a Unión Europea e ás demais oficinas autonómicas en Bruxelas, o que facilitou o seguimento do desenvolvemento dos traballos nas diferentes formacións do Consello abertas á participación autonómica.

2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións

O Comité das Rexións (CdR) é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Está composto por 344 membros, 21 dos cales son españois. En representación da Comunidade Autónoma de Galicia, o membro titular é o propio presidente da Xunta de Galicia, mentres que o cargo de membro suplente recae no director xeral de Relacións Exteriores e coa UE.



Participación do presidente da Xunta de Galicia no Comité das Rexións

Na súa calidade de órgano consultivo da Unión Europea, o Comité debe ser consultado obrigatoriamente nunha serie de materias concretas como a cohesión económica e social, o transporte, o emprego, a educación ou a cultura, aínda que tamén pode ser consultado sempre que se estime oportuno. Igualmente, o CdR elabora ditames por iniciativa propia, o que lle permite tratar calquera asunto que figure na axenda europea.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio aos membros galegos do CdR na súa participación nos traballos do Comité. Xunto co apoio loxístico, a oficina fai un seguimento constante dos traballos do CdR e colabora na elaboración de emendas a ditames e informes debatidos tanto nas reunións de comisións nas que participa Galicia como no pleno do Comité, cando se considera necesario para a inclusión e consideración dos intereses de Galicia.

Durante 2009, os membros galegos formaron parte das seguintes comisións sectoriais:

- Comisión de Desenvolvemento Sostible (DEVE), cuxos ámbitos de competencia foron, entre outros, a pesca e o medio ambiente, a política agrícola común e o desenvolvemento rural.
- Comisión de Política Territorial (COTER), con competencias nos ámbitos da cohesión económica e social e a cohesión territorial, os fondos estruturais, a cooperación territorial, e os transportes e as redes transeuropeas de transporte.

De entre as principais actividades realizadas polos membros galegos ao longo do ano 2009 co apoio do persoal da Fundación Galicia Europa, destacan as iniciativas vinculadas ao debate sobre a futura reforma da Política Pesqueira Común ou ao apoio a sectores estratéxicos de Galicia, como é o caso do automóbil.

2.3. Participación de Galicia nos Comités da Comisión Europea

No ano 1999 iniciouse o proceso de participación das Comunidades Autónomas, formando parte da Delegación española, nos denominados “comités da Comisión Europea” ou “comités de comitología”. Estes comités son os que asisten á Comisión Europea nos traballos de regulamentación, control e execución da normativa europea. A participación das Comunidades Autónomas nos mesmos desenvolveuse xa durante os períodos cuadrienais 1999-2002, 2003-2006, polo que agora atopámonos nun terceiro período que corresponde aos anos 2007-2011.

Ao longo do ano 2009, Galicia estivo presente nunha vintena de comités, entre os que figuran varios que resultan dunha importancia clave para os seus intereses. Desde mediados de 2009 a Fundación Galicia Europa asegurou a presenza en varios comités que tratan temas de agricultura ou sanidade, apoiando deste xeito os traballos de seguimento de Galicia nos mesmos, e facilitando apoio á Xunta de Galicia sempre que se lle requiriu para iso. Neste sentido, desde a Fundación levase a cabo un seguimento continuo da participación activa de Galicia nestes comités.

2.4. Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas (CORE)

Os directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas asinaron en 2002, baixo coordinación da oficina da Fundación Galicia Europa, un Acordo de Colaboración co obxectivo de estreitar as súas relacións, mellorar os seus sistemas de información e potenciar os seus recursos humanos. A posta en marcha desta colaboración permitiu reforzar a interlocución destas oficinas coas institucións europeas e coa Representación Permanente de España ante a Unión Europea (REPER).

Os traballos desenvolvidos pola CORE durante o 2009 estiveron coordinados pola delegación permanente da Xunta de Castela e León no primeiro semestre e pola delegación da Generalitat de Cataluña no segundo.

COORDINACIÓN ENTRE DIRECTORES

Os directores das oficinas mantiveron durante 2009 diversos encontros para o debate de temas de interese común, tales como:

- A programación de actividades anuais conxuntas no marco da CORE e o funcionamento do devandito acordo de colaboración entre as oficinas.
- A participación da delegación española no Comité das Rexións.
- As relacións coa REPER, especialmente a través da súa Consellería de Asuntos Autonómicos.
- O seguimento dos acordos da Conferencia para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas (CARCE), respecto da participación das Comunidades Autónomas no Consello de

Ministros da Unión Europea e nas reunións dos comités da Comisión Europea (“comitología”).

- A análise da oportunidade de realizar actividades conxuntas das oficinas das Comunidades Autónomas en Bruxelas durante a Presidencia Española da UE no primeiro semestre de 2010.

Unha das actividades máis importantes desenvolvidas entre os directores das oficinas rexionais no marco da CORE son as reunións que se celebran con altos cargos das institucións comunitarias. Estas reunións permiten aos directores das oficinas contar con información de primeira man sobre as novidades que se están producindo na concepción e desenvolvemento das políticas europeas. É precisamente a colaboración mantida entre as 17 delegacións das Comunidades Autónomas en Bruxelas a que posibilita esta interlocución de alto nivel. En relación coas reunións externas mantidas polos directores en 2009, hai que destacar as celebradas cos seguintes responsables na capital comunitaria:

- Francisco Fonseca Trásfogueiro, director de Xustiza e Liberdades da Comisión Europea (nomeado ao pouco tempo novo delegado da Comisión en España).
- Daniel Calleja, director de Aviación da Comisión Europea.
- Bonifacio García-Porras, membro do gabinete de Antonio Tajani, vicepresidente da Comisión Europea, responsable da política de transportes.
- Joaquín Almunia, comisario europeo de Asuntos Económicos e Monetarios (un encontro por semestre).
- Diego López Garrido, secretario de Estado para Asuntos Europeos do Goberno de España.

ACCIÓNS CONXUNTAS DE FORMACIÓN

Dentro do marco da CORE organizáronse, como xa é habitual, varias accións de formación dirixidas a licenciados en prácticas nas oficinas rexionais ou nas institucións comunitarias. As xornadas de formación para bolseiros trataron sobre as funcións das oficinas, as súas relacións coas institucións da UE, as políticas comunitarias de maior interese para as Comunidades Autónomas e as oportunidades de emprego en Bruxelas.

Por outra banda, en 2009 organizáronse unhas xornadas de formación para intérpretes no Parlamento Europeo. Esta actividade, totalmente nova, foi solicitada polo xefe dos intérpretes españois do Parlamento co obxecto de pór ao día os coñecementos sobre Comunidades Autónomas dos intérpretes de español a outras linguas. Deuse a oportunidade a todas as oficinas rexionais españolas na capital europea de presentar algún tema de interese especial da rexión ou ben da actividade das Comunidades Autónomas en Bruxelas. Os temas que presentou a Fundación Galicia Europa foron dous: o uso das linguas cooficiais nas institucións da UE, e a creación de redes de rexións para influír na toma de decisións das institucións comunitarias, como no caso da Política Rexional.

GRUPOS DE COORDINACIÓN TÉCNICOS

No marco dos obxectivos previstos mediante o Acordo de Colaboración, os Grupos de Coordinación Técnicos (GCT) teñen como misión principal o seguimento e a análise continuada das políticas públicas comunitarias, desde o inicio do proceso de concepción das mesmas por parte da Comisión ata a súa adopción polo Consello e, de ser o caso, polo Parlamento Europeo. Con este propósito, desenvolven contactos con persoas axeitadas para o seguimento destes procesos, ás que se invita a participar nas súas reunións.

Tendo en conta as áreas de interese das Comunidades Autónomas, durante o ano 2009 funcionaron 13 GCT para cada un dos cales está designada unha oficina coordinadora.

- Pesca: coordinada por Galicia.
- Política de Cohesión: coordinada por Euskadi.
- Agricultura: coordinada por Extremadura.
- Asuntos Sociais e Emprego: coordinada por Madrid.
- Comité das Rexións: coordinada por Castela e León.
- Competitividade e Enerxía: coordinada por Castela e León.
- Educación, Mocidade e Deporte, e Cultura: coordinación en función dos temas por Cantabria, A Ríoxa e Euskadi.

- I+D e Sociedade da Información: coordinada por Madrid.
- Xustiza e Inmigración: coordinada por Cataluña.
- Medio Ambiente: coordinada por Cantabria.
- Relacións Exteriores e Cooperación ao Desenvolvemento: coordinada por Valencia.
- Seguridade Alimentaria, Sanidade e Consumo: coordinada por Andalucía.
- Transportes: coordinada por Aragón.

POLÍTICA ORZAMENTARIA

Co obxectivo de cumprir o mandato do Consello Europeo, a Comisión Europea comezou a elaborar o pasado ano un documento que definía as liñas directrices para a reforma do orzamento comunitario a partir de 2013. A Fundación Galicia Europa, que tivo acceso a este documento cando aínda non fora adoptado oficialmente, comezou a traballar en diferentes foros para defender a posición de Galicia e intentar que fose contemplada no maior grao posible. Neste contexto, e a modo de exemplo, traballou e intercambiou información con outras rexións



Stand de información da Fundación Galicia Europa

2.5. Accións no eido das políticas comunitarias con impacto en Galicia: promoción dos intereses galegos na UE

No ámbito das políticas comunitarias, a Fundación Galicia Europa realiza un labor de representación, promoción e defensa dos intereses galegos na capital europea ante as institucións e outros organismos da UE. A continuación recóllense exemplos de accións desenvolvidas ao longo de 2009, para algunhas políticas comunitarias con impacto en Galicia.

europas e enviou á Comisión Europea xunto co resto das Comunidades Autónomas españolas unha posición sobre a futura política orzamentaria da UE. Esta acción, entre outras, serviu para que a Comisión Europea reaccione de modo inmediato e decida refacer o documento inicial.

Durante o ano 2010, a Fundación Galicia Europa seguirá moi de cerca este debate orzamentario e tratará de influír no mesmo a través da súa participación en diferentes foros.

POLÍTICA REXIONAL E DE COHESIÓN

No ano 2009, intensificouse o debate sobre a definición da política rexional a partir de 2013. Neste contexto, a Fundación Galicia Europa tamén ten traballado de forma intensa, principalmente nos seguintes asuntos:



Redes de comunicación na UE

- **Creación dunha rede de rexións europeas para a defensa dunha axuda transitoria a partir de 2013.**

O actual período de financiamento comunitario remata en 2013. Ata esa data, Galicia ten garantido o status de rexión preferente para a asignación de fondos estruturais da UE (rexión cuxo PIB está por baixo do 75% da media comunitaria, e que se denomina *rexión converxencia*). No entanto, os últimos datos publicados pola Oficina Europea de Estatística mostran que Galicia superaría o 75% e, polo tanto, a partir do 2013 sairía do obxectivo converxencia. Para defender unha axuda transitoria que garanta consolidar os avances realizados ata agora e impedir eventuais retrocesos en materia de crecemento e emprego, a Fundación Galicia Europa puxo en marcha unha estratexia. En primeiro lugar, elaborou un estudo das rexións europeas que se atopan na

mesma situación que Galicia (un total de 17). A continuación, creou e liderou unha rede aberta a todas estas rexións para a defensa conxunta dos seus intereses. Esta rede, creada en Bruxelas en 2009, bautizouse como CROWC (*Convergence Regions on the Way to Cohesion*).

- **Participación en mesas redondas coa Comisión Europea para a procura de solucións aos efectos da crise nas rexións.**

A Fundación Galicia Europa organizou dous foros co obxectivo de analizar e buscar solucións dos efectos causados pola crise económica. O primeiro tivo lugar no marco da Rede de Rexións Europeas Sobre a Execución dos Fondos Estruturais (ROTOPI, siglas de *Round Table of Practitioners in Implementation*), que conta cun alto nivel de interlocución na Comisión Europea. O segundo desenvolveuse no marco dun proxecto Interreg IV C sobre innovación denominado RAPIDE, no que participa Galicia. Ambos encontros serviron para coñecer de antemán as intencións da Comisión Europea e presentarlle de forma directa os efectos da crise nas rexións, xa que a Comisión ten acceso aos datos macroeconómicos pero non aos efectos concretos da crise. Grazas a estes encontros, a Comisión Europea anunciou que pretendía avanzar pagos para axudar a resolver o problema de liquidez existente na economía e comprometeuse a modificar a normativa actual, para eliminar os obstáculos á canalización do financiamento europeo nas rexións. Así mesmo, este foro permitiu á Fundación Galicia Europa expor os efectos que a crise está causando en sectores estratéxicos da economía galega (como é o sector do automóbil, o téxtil ou a construción), que, ademais, seguen obrigados a continuar cumprindo coas esixencias da normativa comunitaria.

- **Contribucións a consultas públicas lanzadas pola Comisión Europea**

Neste apartado cabe destacar a contribución da Fundación Galicia Europa á definición do principio de cohesión territorial, un novo principio consagrado polo Tratado de Lisboa. A Fundación Galicia Europa destaca catro implicacións do principio de cohesión territorial: o reforzo da cooperación territorial (onde Galicia ten unha ampla e profunda experiencia), o fomento do papel das cidades pequenas e medianas, a toma en consideración dos custos de prestación dos servizos de interese xeral e, para rematar, a posta en marcha de novas formas de gobernanza, entre as que cabe destacar a consideración de “autoridades de xestión” para aquelas rexións que así o soliciten.

Comunidades Autónomas españolas. Ademais, prestou apoio na difusión da posición consensuada en Galicia sobre esta reforma. Dada a envergadura da reforma e a fortaleza da posición galega, este labor de difusión e promoción será reforzada ao longo do 2010.



A conselleira do Mar, Rosa Quintana, entrega a contribución de Galicia á consulta pública sobre o Libro Verde da Reforma da Política Pesqueira Común ao director xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, Fokion Fotiadis

POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN

O Libro Verde publicado en abril de 2009 deu os primeiros pasos para a próxima reforma da Política Pesqueira Común (PPC). Este documento abriu desta forma unha consulta pública accesible a todas as partes interesadas na Unión Europea. A Fundación Galicia Europa apoiou a organización de eventos na súa oficina de Bruxelas, como a presentación desta consulta por parte da Comisión Europea ante os representantes das

Así mesmo, a Fundación Galicia Europa prestou apoio para a defensa das demandas galegas en diferentes temas relacionados coa PPC e con importante impacto na nosa economía como, por exemplo, a reforma do método de detección comunitario de biotoxinas en moluscos.

POLÍTICA INDUSTRIAL

No capítulo relativo á política industrial, cabe destacar o traballo realizado pola Fundación Galicia Europa para apoiar en Bruxelas aos sectores produtivos galegos nun contexto de grave crise económica. A título de exemplo, recóllense as actuacións seguintes:

- Elaboración dun informe sobre o **Fondo Europeo de Axuste á Globalización**, fronte a unha posible utilización por parte da administración autonómica galega. Este fondo foi creado pola Comisión Europea co obxectivo de ofrecer unha axuda adicional aos traballadores que perderon o seu emprego, así como de asistilos nos seus esforzos de reciclaxe profesional e procura de colocación.
- Participación no Grupo Interrexional do Comité das Rexións **sobre a crise no sector do automóbil**, cuxa constitución foi aprobada pola Mesa do Comité das Rexións celebrada o 20 de abril de 2009. Na actualidade, este grupo está formado por máis de 40 membros, procedentes de 32 rexións europeas, entre os que se atopa, en calidade de vicepresidente do Grupo, o presidente da Xunta de Galicia.



Participación do director da Fundación Galicia Europa no pleno do Grupo Interrexional sobre a crise no sector do automóbil

A actividade deste grupo interrexional organízase nun nivel técnico e un nivel político. Polo que respecta ao nivel técnico, a Fundación Galicia Europa asegura a participación de Galicia nas reunións preparatorias deste grupo en Bruxelas nas que se presentan e debaten as iniciativas de traballo e céntranse os temas que tratarán os membros nos seus encontros.

POLÍTICA AGRÍCOLA COMÚN

O seguimento da Política Agrícola Común e da actividade das Institucións europeas neste ámbito é dunha importancia clave para Galicia e comprende varios ámbitos da acción europea. Desde o seguimento dos traballos no Consello de ministros da UE (no que hai participación das Comunidades Autónomas españolas) ata a participación en varios comités da Comisión Europea. Os comités que asisten á Comisión Europea nos traballos de regulamentación, control e execución, están abertos, do mesmo xeito que sucede co Consello de Ministros, á participación das Comunidades Autónomas que forman parte da Delegación Española nos mesmos.

No caso da agricultura, a Galicia correspondeulle participar en varios comités que abordan esta materia, xa sexa desde o punto de vista da xestión como da regulamentación. Neste ámbito a Fundación facilitou apoiou á Xunta de Galicia sempre que se lle requiriu.

2.6. Accións en defensa dos intereses da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

A Fundación Galicia Europa prestou apoio técnico para avanzar no lanzamento en Galicia da Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT). Con este obxectivo, a Fundación asignou traballos relacionados con este ámbito ao bolseiro Miguel de la Torre Herrera, seleccionado na convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en empresas, asociacións ou consorcios de empresas dirixidas a titulados en Formación Profesional. O bolseiro desenvolveu labores de estudo e apoio á cooperación transfronteiriza na Universidade de Vigo, durante a fase previa á apertura da AECT.

En segundo lugar, cabe destacar a resposta conxunta de Galicia e do Norte de Portugal á consulta que lanzou a Comisión Europea a partir do Libro Verde sobre a promoción da mobilidade dos mozos con fins educativos. Baixo a coordinación da Fundación Galicia Europa, organizáronse diferentes grupos de traballo que reuniron a mozos con e sen experiencia de mobilidade e a técnicos en materia de mocidade, educación e emprego. A reunión final tivo lugar o 3 de decembro en Santiago de Compostela e nela 12 representantes dos diferentes grupos de traballo elaboraron un documento final de resposta á consulta. Este documento foi aprobado posteriormente polas autoridades galegas e portuguesas competentes e fíxose chegar á Comisión Europea tanto en versión electrónica como en papel (ver apartado 4.3.). A resposta contén unha análise da mobilidade xuvenil con fins educativos nas dúas rexións

e destaca varios exemplos de iniciativas con moito éxito para a súa promoción.

Dentro das accións realizadas en Bruxelas en defensa dos intereses da Eurorrexión, cómpre salientar a participación na organización de dous seminarios sobre cooperación transfronteiriza no marco da “Semana Europea das Rexións e as Cidades - OPEN DAYS 2009” (ver punto 2.8.). Galicia estivo presente, xunto con outras 11 rexións europeas, nun consorcio baixo a denominación “Unha cooperación transfronteiriza de éxito: facémolo posible”. Neste marco celebráronse dous seminarios na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, nos que se analizaron diferentes exemplos de cooperación e, principalmente, as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT). A creación da AECT Galicia-Norte de Portugal, unha das primeiras en establecerse en Europa, foi un dos exemplos presentados.

Para rematar, o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller, participou o 5 de novembro na asemblea anual da Asociación Europea de Rexións Fronteirizas (ARFE), para a que contou co apoio da Fundación Galicia Europa. Neste foro, o director xeral representou a ámbalas rexións (Galicia e Norte de Portugal) e defendeu unha cooperación transfronteiriza de segunda xeración, máis eficaz e con maior capacidade para defender os intereses dos seus cidadáns e as súas empresas en foros nacionais e internacionais.

2.7. Organización de encontros de representantes galegos en Bruxelas con responsables das políticas comunitarias con impacto en Galicia

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas participa de xeito destacado na organización de visitas á capital europea de responsables políticos e técnicos do sector público ou privado galego.



O presidente da Xunta de Galicia na inauguración da exposición “Un Camiño, catorce miradas”, no Parlamento Europeo

En liñas xerais, o traballo desenvolvido pola oficina inclúe as seguintes tarefas:

- Definición, de acordo cos interesados, dos interlocutores máis apropiados no seo das institucións europeas (principalmente a Comisión Europea e o Parlamento Europeo), na Representación Permanente de España ante a Unión Europea e outros organismos ou asociacións establecidos en Bruxelas.
- Contacto cos interlocutores e elaboración dos programas de visitas.
- Asesoramento técnico relacionado coas políticas europeas obxecto da visita.
- Acompañamento durante as entrevistas, apoio técnico e loxístico.
- No caso de visitas de grupos, organización de charlas nas institucións europeas e na propia Fundación Galicia Europa sobre temas comunitarios.

Durante o ano 2009, merecen ser destacadas as seguintes visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas polo papel determinante que a Fundación Galicia Europa xogou na súa organización e bo desenvolvemento:

- **Jesús Gamallo Aller, novo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia**, membro suplente do Comité das Rexións (CdR): Trasládouse a Bruxelas en varias ocasións para representar a Galicia nas sesións plenarias que o Comité celebra cada ano, así como nas reunións das comisións COTER e DEVE do CdR das que Galicia foi membro.
- **Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia**, (5, 6 e 7 de outubro do 2009). A súa visita centrouse na participación no pleno do Comité das Rexións e no seguimento dunha axenda institucional que incluíu encontros co presidente da Comisión Europea, José Manuel Durao Barroso, co presidente do Parlamento Europeo, Jerzy Buzek, co embaixador da Representación Permanente de España na Unión Europea, Carlos Bastarache, e co comisario de Asuntos Económicos e Monetarios, Joaquín Almunia. Na súa visita, estivo acompañado polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller. Ademais, o presidente participou no Parlamento Europeo na inauguración da exposición “Un Camiño, catorce miradas”, sobre o Camiño de Santiago, na que estivo tamén presente o conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela. Así mesmo, na oficina da Fundación Galicia Europa, o Presidente asistiu á apertura do seminario sobre cooperación transfronteiriza organizado no marco da “Semana Europea das Rexións e as Cidades - OPEN DAYS 2009” (ver punto 2.9.).

- O 5 de novembro trasladouse a Bruxelas **Rosa Quintana, conselleira do Mar da Xunta de Galicia**, acompañada por Juan Carlos Maneiro Cadillo, director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, e de Covadonga Salgado Branco, directora do Instituto Tecnolóxico de Control do Medio Mariño de Galicia. A conselleira reuniuse na capital europea co comisario de Asuntos Marítimos e Pesqueiros, Joe Borg, e co director xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, Fokion Fotiadis. Nunha segunda visita, o 21 de decembro do 2009, a conselleira entregou na Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea a contribución de Galicia á consulta pública desta institución sobre o Libro Verde da Reforma da Política Pesqueira Común.



O comisario europeo de Asuntos Marítimos e Pesqueiros, Joe Borg, coa conselleira galega do Mar, Rosa Quintana

- **Representantes da Confederación Galega de ONGD** (3 e 4 de decembro de 2009). O grupo visitou as institucións europeas e participou no seminario organizado pola Fundación Galicia Europa, “Cooperación UE-ONGD rexionais e locais. Vías de acceso ao financiamento comunitario para a cooperación ao desenvolvemento”, que contou coa participación de representantes da Comisión Europea. A visita foi organizada a iniciativa da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

2.8. Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas

Co fin de dar a coñecer Galicia na capital comunitaria, a Fundación Galicia Europa promoveu e acolleu durante o ano 2009 numerosos actos en Bruxelas e en París, co fin de achegar a cultura e identidade galega a Europa.

- **Curso de galego** (de febreiro a maio). Subvencionado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia para a preparación do segundo nivel de aprendizaxe de lingua galega, organizouse na oficina de Bruxelas da Fundación Galicia Europa e contou coa participación dunha decena de alumnos.
- **Concerto de Camaxe** (5 de febreiro). Concerto do grupo belga de orixe galega na sala Yehudi Menuhin do Parlamento Europeo, onde presentaron o seu novo disco “Airexa”.
- **Xornada de Portas Abertas do Comité das Rexións 2009, “Open Doors Day”** (9 de maio). Coincidindo co Día de Europa, todas as institucións e órganos da UE con sede en Bruxelas abren

as súas portas ao público. A Fundación Galicia Europa contou nesta ocasión cunha caseta no Comité das Rexións, dentro da área dedicada á Creatividade e a Innovación. Neste posto de información ofreceuse documentación turística, información sobre o plan galego de I+D+i e a exposición "Galicia Dixital", que coincide co Ano Europeo dedicado á Creatividade e a Innovación.


- **Exposición de José Manuel Lazcano e Luís Estévez** (do 28 de abril ao 18 de maio). A Fundación Galicia Europa acolleu na súa oficina de Bruxelas unha mostra de pintura e escultura galega, composta por 40 obras do pintor pontevedrés Juan Manuel Lazcano e por 18 esculturas en madeira e granito do escultor ourensán Luís Estévez. A inauguración da exposición estivo a cargo do director do Instituto Cervantes de Bruxelas.



Grupo de esculturas de Luís Estévez expostas na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

- **Exposición "A Rapa das Bestas: o sentir dun pobo"** (maio e xuño). A mostra, composta por máis de 80 fotografías de diferentes autores e pertencente á Asociación Rapa das Bestas, ilustra esta festa declarada de Interese Turístico Internacional que se celebra cada verán na provincia de Pontevedra. A mostra expúxose en dous lugares diferentes: nos Xardíns do Trocadero, coincidindo coa Semana da Cultura Galega en París (do 10 ao 17 de maio de 2009), e na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas (do 5 de maio ao 5 de xuño). A inauguración correu a cargo da tenente de alcalde do Concello da Estrada e dun recoñecido "aloitador", quen relatou o sentido e transcendencia desta festa.
- **Participación na Semana da Cultura Galega en París** (do 10 ao 17 de maio). Por primeira vez, o Círculo Cultural Galego de París organizou un gran evento para dar a coñecer a rexión na capital francesa. Entre os numerosos actos previstos na carpa e nas casetas instaladas nos xardíns do Trocadero, a Fundación Galicia Europa promoveu dúas exposicións de fotografía e contou cun posto con información sobre Galicia, no que se incluía información sobre as actividades das principais fundacións culturais galegas.
- **Conmemoración do Día das Letras Galegas** (25 de maio). A Fundación organizou un acto dedicado ao autor homenaxeado en 2009, Ramón Piñeiro. A cita incluía a proxección dun documental sobre a súa vida, unha exposición sobre a importancia deste autor na historia de Galicia no século XX e un coloquio conducido polo escritor galego Xavier Alcalá.

- **Espectáculo One Man Show** (3 de outubro). Celebrado no Centro Galego de Bruxelas, o acto estivo a cargo do monoloxista galego-catalán Alberte Montes e da banda *Not Just Jazz*, no marco das “Noites Brancas” de Bruxelas.



Espectáculo “One Man Show”

- **Exposición “Un camiño, catorce miradas”** (do 5 ao 8 de outubro). Mostra composta por máis de 300 fotografías de diferentes autores sobre o Camiño de Santiago, pertencente á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. Situada nas instalacións do Parlamento Europeo, a exposición foi inaugurada polo presidente desta institución comunitaria e o presidente da Xunta de Galicia.
- **Exposición “10 anos de BD Galega”** (do 1 ao 11 de outubro). Organizada en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo no marco do ano turístico dedicado á banda deseñada (*Brussels 2009 BD Comics Strip*), reflicte unha retrospectiva dos últimos 10 anos da banda deseñada en Galicia. A exposición celebrouse no Concello de Saint-Gilles (Bruxelas) dentro do *Festival da Bande Dessinée, Région Bruxelles-Capitale*.

- **Velada Cultural Celta** (8 de outubro). Concerto organizado polas oficinas de representación rexional en Bruxelas de Irlanda, Escocia, Gales, Bretaña e Galicia no Centro Galego de Bruxelas, co obxecto de promover músicos e festivais de música celta destas rexións entre o público europeo e local. Esta velada organizouse coincidindo coa celebración da “Semana Europea das Rexións e as Cidades – OPEN DAYS 2009”. A Fundación montou unha caseta na que se difundiu información turística sobre Galicia e sobre o Festival de Música Celta de Ortigueira, e contratou a actuación do grupo galego Bellón Maceiras Quinteto, que obtivo un gran éxito entre o público asistente.



Velada cultural celta celebrada nos Open Days 2009

- **Presentación do proxecto “Promotur-Costa da Morte”** (18 de novembro). No marco dunha visita a Bruxelas de directivos de asociacións integradas na Federación de Empresarios da Costa da Morte, a Fundación Galicia Europa organizou a presentación deste proxecto de dinamización consistente na comercialización de 35 paquetes turísticos, nos que participan preto de 70 empresas da zona.

2.9. Organización de seminarios e conferencias en Bruxelas

Respondendo ao seu obxectivo de defender os intereses de Galicia ante a UE, a Fundación Galicia Europa organizou e acolleu durante 2009 diversos debates e seminarios para tratar temas de actualidade comunitaria de especial relevancia para Galicia. As novas instalacións da sede en Bruxelas facilitaron a celebración de actos que reuniron a importantes representantes da sociedade galega, de institucións comunitarias e doutras oficinas de representación rexional.

- **Xornada sobre o papel das Oficinas Rexionais en Bruxelas.** Celebrouse na oficina da Fundación o día 22 de xaneiro para alumnos do Máster de Expertos en Proxectos Europeos da Universidade de Caen, da Baixa Normandía (Francia). Os estudantes puideron coñecer de forma directa o labor desenvolvido polas representacións rexionais na capital comunitaria a través da experiencia relatada por representantes das oficinas de Galicia, Baixa Normandía e do Suroeste de Reino Unido en Bruxelas.
- **Conferencia sobre o Libro Verde da Comisión Europea relativo á reforma da Política Pesqueira Común.** Organizados na Fundación Galicia Europa o 3 de xuño do 2009, contou coa intervención de Fuensanta Candea Castelo, xefa da Unidade de Conservación e Control no Océano Atlántico e as Rexións Ultraperiféricas da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea. A conferencia tivo como obxectivo presentar os contidos do Libro Verde que abriu unha consulta pública da Comisión Europea sobre a próxima reforma da Política Pesqueira Común.
- **Participación na sétima edición da “Semana Europea das Rexións e as Cidades - OPEN DAYS 2009”** (do 5 ao 8 de outubro). A Fundación Galicia Europa participou na acollida e organización dos seguintes debates e seminarios:

- a) **“Cooperación transfronteiriza: leccións aprendidas e futuros pasos”.** Este debate foi inaugurado polo presidente da Xunta de Galicia durante a súa estancia en Bruxelas. Organizado por un consorcio de 12 rexións europeas, entre as que se atopaba Galicia, contou coa participación de representantes da Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea, e serviu para pór en común experiencias de cooperación transfronteiriza en diferentes Estados membros.



Público asistente ao seminario “Cooperación transfronteiriza: leccións aprendidas e futuros pasos” na sala da Fundación Galicia Europa

- b) **“Modelos de gobernanza na cooperación transfronteiriza con especial fincapé nas AEET”.** Organizado polo mesmo consorcio anterior, contou coa intervención do técnico encargado da posta en marcha da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal da Xunta de Galicia, ademais de representantes da eurorrexión Mosa-Rin, do municipio polaco de Slubice e do consorcio Túnel de Bielsa (España-Francia).

c) **“En busca dun marco de cooperación para o Espazo Atlántico”**. Este debate, organizado por un consorcio de 11 entidades subestatais da área atlántica denominado *Atlantic Alliance*, entre as que se atopaba a Deputación da Coruña, tivo como obxectivo explorar as posibilidades de que o espazo atlántico se converta nunha “macrorrexión europea”, do mesmo xeito que o é actualmente o mar Báltico. A Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio á Deputación da Coruña na súa participación neste consorcio.

- **Presentación sobre a Política Marítima da UE e as Comunidades Autónomas españolas**, que tivo lugar na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas o 14 de outubro de 2009. A presentación correu a cargo de Ana Ruiz Sierra e Martín Fernández Díez-Picazo, representantes da Dirección Xeral de Pesca e Asuntos Marítimos da Comisión Europea, quen fixeron unha presentación dos logros e dos desafíos da política marítima integrada na UE.
- **Seminario “De cara á completa dixitalización do turismo cultural en Europa”**, celebrado o 2 de decembro na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas. Tratábase de presentar a proposta ao 7º Programa Marco de I+D do proxecto *Basservices Europe*, que ten por obxectivo unificar e mellorar o acceso aos recursos informativos do turismo cultural na UE. A Universidade de

Santiago de Compostela é o socio coordinador de investigación deste proxecto no que participan outras seis universidades. O acto contou coa intervención dun representante da unidade de Turismo da Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea e varios investigadores participantes no proxecto.



Seminario “De cara á completa dixitalización do turismo cultural en Europa”

- **Seminario “Cooperación UE-ONGD rexionais e locais. Vías de acceso ao financiamento comunitario para a cooperación ao desenvolvemento”**, organizado o 3 de decembro na oficina da Fundación en Bruxelas. Encontro entre varios funcionarios de primeiro nivel da Comisión Europea e membros da directiva da Coordinadora Galega de ONGD e da Subdirección de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia co fin de coñecer as posibles vías de financiamento comunitario neste ámbito. Este seminario abriuse á participación do persoal doutras oficinas rexionais e contou cunha grande asistencia de público.

- **Encontros e seminarios doutras entidades galegas.** A Fundación Galicia Europa pode ceder as súas instalacións en Bruxelas para a organización de diversos encontros e reunións ás entidades galegas que o soliciten para tratar temas europeos. En 2009, celebráronse as seguintes reunións:

- a) **Reunión do comité executivo do Grupo Compostela de Universidades**, (27 de marzo). A rede, formada por 70 institucións de educación superior de todo o mundo, participa en actividades coordinadas desde a súa Secretaría Técnica situada en Santiago de Compostela.
- b) **Reunión do Consello Consultivo Rexional para as Augas Occidentais do Sur da UE e a Federación Galega de Confrarías** (29 de setembro). Este foro serviu para preparar a contribución do sector artesanal galego e doutras organizacións pesqueiras do Atlántico Sur á consulta aberta pola Comisión Europea sobre o Libro Verde de reforma da Política Común de Pesca.

DEBATES GALICIA EUROPA

No que atinxe ao ano 2009, cabe destacar a presentación en Bruxelas dos **"Debates Galicia Europa"** por parte do Presidente da Xunta de Galicia ante a comunidade galega e outros representantes das institucións comunitarias que manteñen estreitos lazos con Galicia. Ao longo do 2010, poranse en marcha estes debates co obxectivo de achegar a visión galega a Europa, permitir á sociedade galega anticiparse aos cambios, axuntar esforzos e desenvolver sinerxías en favor dos intereses de Galicia, para o que é importante afianzar a rede de galegos que traballan na capital comunitaria. Estes debates serán inaugurados polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda.




O conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, nas
instalacións da FGE en Bruxelas

03

Fomento da participación galega en proxectos europeos

Durante o ano 2009, a Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio para o lanzamento, execución e difusión de resultados de diferentes proxectos de dimensión europea participados por entidades galegas. Tamén participou directa ou indirectamente nalgúns proxectos que contribúen a difundir as directrices europeas en Galicia.

3.1. Asesoramento da Fundación Galicia Europa a entidades galegas



Unha Europa conectada polas novas tecnoloxías da información e comunicación

POSIBILIDADES DE FINANCIAMENTO

Diferentes organizacións galegas dirixíronse á Fundación Galicia Europa para informarse sobre as posibilidades de financiamento existente a nivel comunitario e sobre o modo de participar nos diferentes programas europeos. A continuación menciónanse algunhas destas consultas especificando o apoio prestado.

- **Concello de Redondela:** asesoramento na procura de financiamento europeo para proxectos culturais transfronteirizos.
- **Consello Sindical Interrexional:** asesoramento sobre as posibilidades de financiamento europeo para a creación dunha entidade transfronteiriza para agrupar a sindicatos e empresarios de Galicia e Norte de Portugal.
- **Colectivo de Artistas Galegos:** consulta sobre posibilidades de financiamento comunitario para un proxecto de mobilidade de artistas.
- **Universidade de Vigo:** seguimento da candidatura presentada na Axencia Executiva de Educación, Cultura e Xuventude para a obtención dunha cátedra Jean Monnet.
- **Xunta de Galicia:** asesoramento e seguimento dun proxecto de protección da biodiversidade.

- **Imaxdi (*spin-off* no eido da sociedade da información):** posibilidades de financiamento comunitario no eido da I+D e asesoramento sobre cuestións xurídicas e financeiras nos proxectos europeos científico-tecnolóxicos.
- **Confederación de Empresarios de Ourense:** asesoramento sobre a iniciativa da Unión Europea “Erasmus para empresarios novos”.

PROCURA DE SOCIOS TRANSNACIONAIS

Así mesmo, prestouse asesoramento específico para a procura de socios transnacionais, dado que é un dos requisitos indispensables que se esixen á hora de participar en proxectos europeos. Estas son algunhas das entidades ás que se asesorou nesta materia:

- **Valora Consultores:** difusión dunha proposta de proxecto sobre ecodeseño téxtil liderado por esta empresa galega, co obxectivo de presentalo á convocatoria de ecoinnovación do Programa Marco de Competitividade e Innovación (CIP) da Comisión Europea.
- **Universidade da Coruña:** difusión dunha procura de socios para o establecemento dunha rede de centros de investigación sobre o desenvolvemento do capital humano, dentro dunha convocatoria da Dirección Xeral de Educación e Cultura da Comisión Europea.
- **Proxecto sobre música e turismo no espazo atlántico:** contribución á procura dun socio galego para participar nun proxecto dentro do Programa Comunitario de Cooperación Transnacional do Espazo Atlántico.

Durante 2009, reformouse ademais o apartado específico de procura de socios na páxina *web* da Fundación Galicia Europa, de modo que as entidades galegas poden cubrir agora en liña un formulario cos datos básicos da súa proposta de proxecto, co fin de difundilo no resto de Europa. O apartado ideado para difundir en Galicia as procuras de socios procedentes do estranxeiro tamén se

reformou co obxectivo de poder publicar a documentación orixinal de futuras procuras.

ACTOS NA FGE

Durante 2009 a sala de reunións e conferencias da oficina de Bruxelas foi cedida para a celebración dos seguintes actos en relación cos proxectos europeos:

- 26 de febreiro: reunión de presentación do **Forum de Torino** aos integrantes da Rede de Rexións Europeas pola I+D (ERRIN).
- 16 de xullo: reunión da rede **ERRIN** sobre a cooperación internacional no 7º Programa Marco de Investigación.

3.2. Participación da FGE en proxectos europeos

Ademais de fomentar a participación galega en proxectos europeos, a propia Fundación Galicia Europa participa en certos proxectos que contribúen a promover os valores europeos en Galicia, sobre todo entre os máis novos.

Durante 2009, a Fundación formou parte das seguintes candidaturas a proxectos europeos:

- **Eco-Innova:** liderado polo Concello de Ourense. Este proxecto pretende crear unha estrutura transnacional para informar e promover a ecoinnovación entre as pemes do Espazo Atlántico. O proxecto foi aprobado en xaneiro de 2010. Cunha duración de tres anos, nel participan dous socios portugueses, un inglés e un francés, ademais dos dous socios galegos.
- **Life + Xuventude:** proxecto presentado á convocatoria de Life + 2009. Consiste nunha campaña de información e sensibilización dirixida aos mozos sobre a biodiversidade nas áreas costeiras, os seus valores e os riscos que a ameazan. A Fundación participa neste proxecto xunto cos departamentos de Medio Ambiente, Mar e Xuventude da Xunta de Galicia e o Instituto Português da Juventude.

A través da Oficina Europea de Información Xuvenil, con sede na Fundación Galicia Europa (grazas ao convenio existente entre esta última e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado), xestiónase ademais a participación nos seguintes proxectos:

- **Eurocidade Chaves - Verín:** proxecto enmarcado no Programa Operativo de Cooperación España-Portugal (POCTEP 2007-2013), liderado polo Concello de Verín. O obxectivo do proxecto é sentar as bases dunha cooperación de segunda xeración que permita converter á Eurocidade Chaves-Verín nun instrumento de desenvolvemento rexional. Esta iniciativa permitiría pór en marcha accións que melloren a calidade de vida dos cidadáns por medio de varias accións: creación dunha “xanela da Eurocidade”, unha plataforma de comunicación, unha oferta de servizos comúns, unha oficina da mocidade con local de ensaio para mozos e unha unidade de desenvolvemento de produtos turísticos comúns.
- **Imaxina Atlántica:** enmarcado no Programa Operativo Espazo Atlántico 2007-2013, está liderado polos socios franceses COMAGA (Communauté d'Agglomération du Grand Angoulême). Os seus obxectivos céntranse no eido da creatividade xuvenil. As accións que impulsa son as seguintes: constituír un “polo atlántico de competencias e de recursos” da imaxe, crear produtos e circuítos turísticos/culturais con recursos mobilizados e as capacidades de expresión dos territorios, definir e pór en marcha un programa de intercambios de estudantes ou profesionais, e organizar seminarios técnicos internacionais.
- **Espazo Xuvenil:** proxecto enmarcado no Programa Operativo de Cooperación España-Portugal, POCTEP 2007-2013. Liderado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e en colaboración co Instituto Português da Juventude (IPJ), persegue o obxectivo de promover a cooperación institucional en materia de políticas de mocidade. Co fin de que a poboación nova quede a vivir e a traballar na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, preténdese impulsar procesos formativos e intercambios de experiencias xuvenís que senten as bases para a creación de empresas e iniciativas emprendedoras, implicando a mozos de ámbolos dous lados da fronteira.



Torre da Homenaxe do castelo de Chaves

04

Información e publicacións sobre a UE



Portal web da Fundación Galicia Europa

4.1. Portal web

Un dos principais labores da Fundación Galicia Europa é o de achegar ao cidadán a actualidade europea máis relevante relacionada con Galicia. Esta foi a razón de ser do novo portal *web* creado no 2006, www.fundaciongaliciaeueuropa.eu, que permite a calquera galego aproximarse aos temas comunitarios.

No ano 2009, a Fundación Galicia Europa deu un paso máis aló, renovando o deseño da súa páxina *web*. O novo portal perfeccionou a accesibilidade á información, pulíu o seu deseño e simplificou o esquema de contidos. O equipo de traballo da Fundación Galicia Europa

puxo especial empeño na actualización constante da información dispoñible no portal, de forma que sempre ofrezca a actualidade comunitaria máis recente. Ademais das versións en galego e castelán, creáronse contidos específicos para o portal en inglés, con información sobre Galicia destinada a un público estranxeiro.

O novo deseño organiza as seccións da seguinte forma:

- **Noticias UE e Noticias FGE.** Na páxina de inicio pode accederse directamente ás últimas noticias de actualidade comunitaria, así como as actividades máis recentes da Fundación Galicia Europa.

- **Acceso rápido a seccións clave.** Unha fila de *banners* situados na parte dereita da páxina de inicio, comunican rapidamente con catro seccións fundamentais para coñecer o papel de Galicia en Europa: a axenda, os resumos diarios de prensa, as consultas públicas abertas e as ligazóns de interese.
- **Links directos a temas importantes.** Os *banners* da parte esquerda da páxina de inicio corresponden a enlaces de importancia na información da Fundación Galicia Europa. É o caso da información sobre as bolsas da Fundación, así como as páxinas sobre o Ano Xacobeo 2010 e a Presidencia Española da UE.
- **Os catro epígrafes básicos.** A páxina *web* da FGE continúa conservando a súa estrutura en catro bloques onde se ofrece a información máis importante sobre a súa actividade (“Fundación” e “Actividades e Bolsas”) e sobre o papel de Galicia na Unión Europea (“Unión Europea” e “Proxectos Europeos”).

ESTADÍSTICAS DA WEB

Durante o 2009 a actividade do portal *web* foi ascendendo ao longo do ano, alcanzando as súas cotas máis altas nos últimos tres meses. Durante o 2009, as estatísticas mostran que se iniciaron 84.585 sesións, o que supón unha media diaria de 231,74 visitas. Cada usuario accede aproximadamente a dez páxinas por sesión, á que dedica ao redor de nove minutos. O número de páxinas vistas ascendeu a 853.634 en total, cunha media diaria de 2.338,52 accesos.

Durante os tres últimos meses do 2009 a popularidade do portal aumentou notablemente, en especial durante o mes de decembro do 2009, que chegou a ter 10.413 sesións (335,90 por día), superando nun 21% os datos de decembro do 2008.

4.2. Boletín electrónico

Editado cada 15 días, desde que comezou a súa difusión hai tres anos o boletín non deixou de crecer en número de subscritores, ata alcanzar os máis de 1.100 cos que contaba en decembro do 2009. Respecto ao ano pasado, o seu número aumentou en 500 subscritores, o que supón case a metade do número actual. O boletín recolle toda a actualidade tanto da Fundación como da UE, así como as convocatorias e as procuras de socios que previamente foron publicadas na *web*. As actividades dentro dos foros comunitarios nos que Galicia conta con presenza foron os temas máis tratados nas noticias, así como aquelas referidas á Política Agrícola Común e as relacionadas coa crise económica e o emprego, en especial entre os mozos. No que respecta ás convocatorias de programas europeos, seguíronse moi de cerca todas aquelas referidas á cooperación territorial e á educación e formación. Por outra banda, nas procuras de socios para participar en proxectos europeos susceptibles de ser financiados con orzamento comunitario, destacáronse as englobadas no ámbito da educación e da formación.

4.3. Publicacións

RESPOSTA Á CONSULTA SOBRE O LIBRO VERDE DA COMISIÓN EUROPEA “FOMENTAR A MOBILIDADE NA FORMACIÓN DOS MOZOS”

A publicación por parte da Comisión Europea do Libro Verde “Fomentar a mobilidade na formación dos mozos” ([COM] (2009) 239/3), abriu unha consulta que buscaba suscitar a reflexión e estimular o debate entre todos os interlocutores implicados en temas relacionados coa mobilidade dos mozos europeos durante a súa formación académica. A Fundación Galicia Europa e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, coa colaboración do Instituto Português da Juventude e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, decidiron participar conxuntamente na consulta exposta.

O obxectivo desta participación era obter unha posición común sobre os aspectos identificados no Libro Verde como susceptibles de mellora, e enviar á Comisión Europea unha achega coas posibles opcións de futuro ao respecto. É unha iniciativa nova dado que representa a opinión conxunta da Eurorrexión no ámbito da mobilidade na formación dos mozos.

Para dar resposta ás preguntas expostas considerouse conveniente levar a cabo unha serie de reunións. Nelas participaron grupos de todos os sectores implicados: mozos non asociados, asociacións xuvenís, representantes de entidades galegas e portuguesas, técnicos en materia de mocidade, educación e asuntos europeos; organizacións empresariais; representantes a nivel local, autonómico e estatal, e as autoridades competentes nas materias mencionadas.



Reunión de mozos galegos e portugueses en Tui

A publicación das conclusións culminou este proceso de consulta. Este libro será presentado en Bruxelas ante os responsables en materia de mobilidade na formación da Comisión Europea.

“GUÍA DE AXUDAS EUROPEAS PARA MOZOS EMPRENDEDORES”

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a Fundación Galicia Europa e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, publicaron durante o 2009 unha “Guía de Axudas Europeas para Mozos Emprendedores”. Esta publicación enmárcase no proxecto “Espazo Xuvenil”, dentro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP). Esta colaboración vén motivada polo convencemento de que as políticas de Mocidade son totalmente transversais, é dicir, non son competencia dunha soa administración e abarcan unha ampla gama de liñas de actuación e axuda: formación, emprego, vivenda, exclusión social, novas tecnoloxías, etc.

A través desta publicación preténdese dar unha información sintética da ampla variedade de programas de axudas que desde a Unión Europea e das administracións nacionais se lle ofrece á mocidade. O obxectivo é por especial énfase naquelas publicacións que van dirixidas ao fomento do espírito emprendedor entre os máis novos.

05

Formación e sensibilización

5.1. Bolsas

A Fundación Galicia Europa asume, desde os seus inicios en 1988, un compromiso especial cos mozos galegos mediante a concesión de bolsas que lles permitan profundar no estudo dos temas comunitarios. Coñecer a fondo os variados e complexos mecanismos que conforman o proxecto europeo resulta absolutamente necesario para que nun futuro conten coa posibilidade de traballar neste terreo.

Os centros de estudos europeos, as institucións da Unión Europea e a propia Fundación Galicia Europa conforman un escenario no que numerosos mozos desexan perfeccionar os seus coñecementos en materias comunitarias. A Fundación Galicia Europa ofrécelles o soporte que precisan contribuíndo a reforzar a base da súa futura proxección profesional no ámbito europeo.

Por outra banda, a Fundación Galicia Europa contribúe tamén á formación práctica de profesionais que traballan ao servizo das súas entidades membros, mediante a concesión de bolsas para a realización de estadías dunha semana de duración na súa oficina de Bruxelas. Isto permítelles profundar no coñecemento da Unión Europea no ámbito das súas competencias.

Desde a súa creación, son xa máis de 300 as persoas que se beneficiaron dunha bolsa da Fundación Galicia Europa no conxunto de todas as modalidades que outorga. En 2009, estas modalidades foron as seguintes:

- Cinco bolsas para a realización de estancias en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago e en Bruxelas en temas relacionados coa Unión Europea.



Bolseiros na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas

- Cinco bolsas para a realización de estancias en prácticas nas oficinas da Fundación Galicia Europa en Santiago e en Bruxelas en temas relacionados co comercio exterior.
- Dezaioito mensuralidades para a concesión de axudas económicas dirixidas a licenciados universitarios que obtiveron unhas prácticas non remuneradas nunha institución europea.
- Catro bolsas para a realización de períodos de prácticas en empresas, asociacións ou consorcios de empresas en temas relacionados co comercio exterior, dirixidas a titulados en Formación Profesional.
- Cinco bolsas dirixidas ao persoal ao servizo das entidades membros e asociadas do Padroado da Fundación Galicia Europa para efectuar unha estancia de formación na oficina da propia Fundación en Bruxelas.

RELACIÓN DE BENEFICIARIOS EN 2009

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA.

Do 15 de xaneiro ao 15 de decembro do 2009

Oficina de Santiago de Compostela

▪ Unión Europea

Roxana Topciov, substituída por Patricia Rodríguez Ovejero para o período do 15 de abril ao 15 de decembro do 2009

Nuria Castro Gay

▪ Comercio Exterior

Yago Valencia Abad

José E. Abelleira Pesqueira, substituído por Beatriz Vidal Elorduy para o período do 15 de setembro ao 15 de decembro do 2009.

Oficina de Bruxelas

▪ Unión Europea

Lorenzo Baladrón Zeeh

Alba Riobó Souto

Valentina Skafar

▪ Comercio Exterior

Alexandra Cornelia Ordean

Pablo Rivera Búa

Mauro Lamela Vázquez

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS INSTITUCIÓN COMUNITARIAS

- **Parlamento Europeo en Bruxelas**
Ángela González Montes
- **Comisión Europea en Bruxelas**
María Anxos Rodríguez Soto
Hugo Salgado Barreira
Manuel Contreras Alfonsín
- **Comité Económico e Social en Bruxelas**
Eva Vázquez Salgueiros

BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS, ASOCIACIÓN OU CONSORCIOS DE EMPRESAS DIRIXIDAS A TITULADOS EN FORMACIÓN PROFESIONAL

Miguel de la Torre Herrera

BOLSAS DIRIXIDAS AO PERSOAL DAS ENTIDADES MEMBROS DO PADROADO DA FGE

- Elena Goldar Pazos
Consellería de Educación. Xunta de Galicia
- José Enrique Fernández Varela
Fundación Pedro Barrié de la Maza. Banco Pastor
- Mónica González Domínguez
Fundación do CHUAC, Sergas. Xunta de Galicia
- Mónica Poceiro Acibeiro
Cámara de Comercio de Pontevedra
- Verónica Liñares Louzao
Caixanova

5.2. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia

ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE OPORTUNIDADES EMPRESARIAIS NA UE

Durante 2009, a Fundación Galicia Europa realizou unha serie de actividades destinadas a difundir as oportunidades que ofrece a Unión Europea aos empresarios galegos de diversos sectores.

- Participación no **Encontro Empresarial de Axudas a Empresas**, celebrado en Vimianzo o 6 de febreiro. Neste encontro, ao que asistiron máis de 400 empresarios das comarcas de Bergantiños, Soneira, Fisterra e Xallas, a Fundación realizou unha presentación sobre as posibilidades empresariais no marco da Unión Europea.
- Reunión co **sector da fabricación do moble**, na Estrada, o 7 de febreiro. Durante esta reunión expuxéronse as claves sobre a internacionalización do sector do moble e da madeira.
- Participación no **II Encontro Internacional de Emprendedores Eduardo Barreiros**, celebrado no Edificio Politécnico do Campus de Ourense os días 7 e 8 de maio, e organizado polo Concello de Ourense. O obxectivo principal deste encontro é o de propiciar un marco axeitado para o intercambio de ideas e experiencias emprendedoras, así como impulsar a creación dun niño de oportunidades para os novos empresarios. A Fundación Galicia Europa participou neste foro cunha presentación sobre os recursos da Unión Europea para apoiar as iniciativas empresariais. A Fundación mantivo, ademais, no recinto unha caseta na que se facilitou información sobre bolsas e actividades da entidade.

CONFERENCIA “LINGUAS ROMÁNICAS, TRADUCCIÓN, MULTILINGÜISMO E CONSTRUCCIÓN EUROPEA”

Durante os días 12 e 13 de marzo, celebrouse na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela a conferencia “Linguas Románicas, tradución, multilingüismo e construción europea”. O evento, organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, contou coa colaboración da Fundación Galicia Europa.



Folleto informativo da conferencia

5.3. Actividades da Oficina de Información Europea para Mozos

ACTIVIDADES ENMARCADAS NO PROXECTO “ESPAZO XUVENIL. UN ESPAZO NOVO NA AXENDA DE LISBOA”

Durante os meses de novembro e decembro do 2009 leváronse a cabo varias actividades para a formación dos mozos da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal dentro do proxecto “Espazo Xuvenil. Un espazo novo na axenda de Lisboa”.

Esta iniciativa, dirixida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e o Instituto Português da Juventude, foi aprobado no marco do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP). O principal obxectivo do proxecto é promover a cooperación institucional en materia de políticas de mocidade, para que os mozos queden a vivir e a traballar na zona transfronteiriza galego-portuguesa.

Espazo Xuvenil conta coa colaboración da Fundación Galicia Europa, a Confederación de Empresarios de Galicia e o Consorcio Galego de Cámaras de Comercio. O obxectivo desta iniciativa é apoiar unha nova liña de actuación de promoción do espírito emprendedor da mocidade galego-portuguesa, co fin de manifestar a súa vontade para participar naquelas actividades de interese para os mozos, poñendo á súa disposición a mobilización de recursos e coñecemento, para o correcto desenvolvemento de actuacións relacionadas co seu ámbito de traballo.

No marco deste proxecto, organizáronse as seguintes actividades:

- **Taller “Aplicacións prácticas no contexto galego do programa Cultura 2007-2013 da UE”**

Durante os días 18 e 19 de novembro celebráronse en Tui e Pontevedra, respectivamente, dúas xornadas de 7 horas sobre as “Aplicacións Prácticas no contexto Galego do Programa Cultura 2007-2013 da UE”. O encontro organizouse co obxectivo de fomentar o coñecemento e a conservación dos bens culturais, promover a mobilidade transnacional dos axentes do sector e favorecer o diálogo cultural como unha nova aposta de Galicia en Europa. A estas xornadas asistiron 25 mozos.

- **Seminario “O empresario nace ou faise?”**

Os días 23 e 24 de novembro celebráronse en Tui e Verín senllos seminarios, co título “O empresario nace ou faise?”, aos que asistiron 21 persoas. Estes encontros responden ao fin de facer accesible a figura do empresario, así como motivar aos mozos para emprender un proxecto empresarial.

- **Seminario “Teño unha idea. Por onde empezo?”**

Os días 25 e 26 de novembro celebráronse dous seminarios co título “Teño unha idea. Por onde empezo?”, que tiveron lugar na Coruña e Lugo cun total de 22 asistentes. A través destes encontros buscábase dotar ás persoas con predisposición a ter unha idea de negocio de ferramentas sinxelas para a súa maduración, avaliación e posta en marcha.

- **Curso “Da idea á empresa”**

Do 30 de novembro ao 3 de decembro impartíuse en Vigo e Ourense o curso “Da idea á empresa”, cunha duración de 25 horas lectivas, á que asistiron 21 persoas. Neste curso tratáronse as cuestións básicas que se deben de ter en conta á hora de elaborar un plan de negocio, con especial atención ás empresas que traballan no ámbito transfronteirizo.

- **Obra teatral “O emprendedor”**

Os días 16 e 17 de novembro tivo lugar en Verín e Santiago a representación da obra teatral “O Emprendedor”, levada a escena pola empresa Interactuar, á que asistiron máis de 200 persoas. Esta actividade buscaba achegar o mundo empresarial aos mozos da Eurorrexión para que recoñezan a figura do emprendedor como unha saída profesional.



Representación da obra teatral “O Emprendedor” en Santiago

5.4. Concurso de Fotografía

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "GALICIA INNOVADORA E CREATIVA"

Con motivo da celebración no ano 2009 do Ano Europeo da Creatividade e a Innovación, a Fundación Galicia Europa convocou o concurso fotográfico "Galicia Innovadora e Creativa". A actividade estaba dirixida a mozos con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos, para expresar a través da fotografía a súa particular visión da Galicia máis vangardista e innovadora. As fotografías debían centrarse naqueles aspectos nos que Galicia máis evolucionou nos últimos anos.

Logo de valorar a calidade técnica e a habilidade fotográfica das obras presentadas, o xurado acordou outorgar os premios aos seguintes participantes:


- Primeiro premio: Arturo Magán Escariz, coa obra "As ás do vento".
- Segundo premio: María Moldes Suárez coa obra "Grafismos I" e Rosana Calvo Diéguez con "Cuvi".
- Terceiro premio: María Marco Covelo coa obra "O silencio tamén era de cor azul".




Segundo premio do concurso de fotografía: "Grafismos", de María Moldes Suárez



Segundo premio do concurso de fotografía: "Cuvi", de Rosana Calvo Diéguez



Primeiro premio do concurso de fotografía: "As ás do vento", de Arturo Magán Escariz



Terceiro premio do concurso de fotografía. “O silencio tamén era de cor azul”, de María Marco Covelo

A contía dos premios ascendeu a 6.000 euros, repartidos nun primeiro premio de 3.000 euros achegado pola Fundación Galicia Europa, un segundo premio de 2.000 euros da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura, e un terceiro de 1.000 euros que procedía da Dirección Xeral de Xuventude.

A entrega de premios do concurso tivo lugar o 11 de decembro na Fundación Torrente Ballester, onde estiveron presentes o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e director apoderado da Fundación Galicia Europa, Jesús Gamallo Aller, o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López Rodríguez, e a subdirectora de promoción de actividades da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, Yolanda Otero Balsa.

As nove obras finalistas formarán parte dunha exposición itinerante que a Fundación Galicia Europa presentará en diferentes espazos en Galicia e posteriormente na sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas.



Entrega de premios do concurso “Galicia Innovadora e Creativa”

06

Europa en Galicia. Quen é quen?

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Rúa dos Feáns, 3 C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 012; Fax. 981 541 013
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE

Rúa dos Feáns, 5 baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 002; Fax. 981 541 003
sunioneu@xunta.es

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA MOZOS DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Divulga a información europea, orienta e asesora á mocidade para promover a súa participación en programas europeos.

Rúa dos Feáns, 3 C baixo
15706 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 010; Fax. 981 541 013
informacion.europea.jovenes@xunta.es

CENTROS DE DOCUMENTACIÓN EUROPEA

Teñen por obxectivo facer accesible ao conxunto da comunidade universitaria e ao público en xeral a información sobre a Unión Europea e as súas diferentes políticas, así como promover e consolidar o estudo sobre a integración europea.

Universidade de Santiago de Compostela Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Avda. Xoán XXIII, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 990; Fax. 981 547 025
<http://www.usc.es/cde>

Universidade da Coruña

Facultade de Dereito
Campus de Elviña, s/n
15071 A Coruña
Tel. 981 167 100 Ext. 1628; Fax. 981 290 310
<http://www.udc.es/iuee/cde>

EUROPE DIRECT A CORUÑA

Informa sobre a lexislación, as políticas, os programas e accións da Unión e proporciona regularmente información de retorno ás institucións europeas.

Deputación Provincial de A Coruña

Alférez Provisional, 2
15006 A Coruña
Tel. 981 183 331; Fax. 981 183 354
<http://www.dicoruna.es/ipe>

EUROPE DIRECT GALICIA

Ofrece un servizo de primeira acollida que consiste en informacións de tipo xeral sobre temas europeos, resposta individualizada e consulta sobre temas específicos.

Centro Europeo de Información Rural

San Pedro de Mezonzo, 48 baixo
15701 Santiago de Compostela
Tel. 981 553 390; Fax. 981 590 875
<http://www.europadirecto-galicia.com>

ENTERPRISE EUROPE NETWORK EN GALICIA

Esta rede, promovida pola Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea, está composta dunha serie de centros repartidos por toda Europa que ofrecen servizos de información e asesoramento a empresas en temas europeos.

A *Enterprise Europe Network* está presente nas Comunidades Autónomas do noroeste de España (Asturias, Cantabria, Castela e León e Galicia) a través do consorcio de entidades denominado "Galactea Plus".

As seguintes entidades galegas forman parte de Galactea Plus (<http://www.galacteaplus.es>):

- **CIS Galicia (Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía):** apoia a transferencia de tecnoloxía entre empresas e a súa participación en programas de financiamento comunitario, especialmente en aqueles relacionados coa I+D+i.

A Cabana, s/n
15590 Ferrol
Tel. 981 337 146; Fax. 981 337 171
e-mail: galactea@cisgalicia.org
www.cisgalicia.org

- **IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica):** informa e asiste ás empresas en temas comunitarios, promove a cooperación empresarial e apoia a súa participación en programas europeos.

Complexo Administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 541 033; Fax. 981 541 190
e-mail: galacteaplus@igape.es
www.igape.es

- **CEG (Confederación de Empresarios de Galicia):** presta información e asistencia ás empresas en temas europeos, promove a cooperación empresarial, transmite á Comisión Europea as opinións das empresas galegas e apoia a súa participación en programas europeos.

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 555 888; Fax. 981 555 882
e-mail: euroinfo@ceg.es
www.ceg.es



CIS Galicia

CENTRO DE INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN E ESTUDOS COMUNITARIOS (CIDECE)

Ofrece servizos orientados ao mundo empresarial: lexislación comunitaria, convocatoria de programas, informes e documentación relacionada coa UE.

Cámara de Comercio de A Coruña

Alameda, 30-32, 3º
15003 A Coruña
Tel. 981 216072; Fax. 981 225 208
<http://www.camaracoruna.com>

EUROBIBLIOTECAS

- **EUROBIBLIOTECA DE A CORUÑA**
Biblioteca Pública "Miguel González Garcés"
Rúa Miguel González Garcés, s/n
15008 A Coruña
Tel. 981 170 218; Fax. 981 170 218/219

- **EUROBIBLIOTECA DE LUGO**
Biblioteca Pública Provincial
Avda. Ramón Ferreiro, s/n
27071 Lugo
Tel. 982 228 525

- **EUROBIBLIOTECA DE OURENSE**
Biblioteca Pública do Estado
Concello, 11
32033 Ourense
Tel. 988 210 700; Fax. 988 218 550

- **EUROBIBLIOTECA DE PONTEVEDRA**
Biblioteca Pública
Alfonso XIII, 3
36002 Pontevedra
Tel. 986 850 838; Fax. 986 862 127

